

Segunda Addenda ao Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Fundación Empresa-Universidad Gallega (FEUGA) para a inclusión no sistema da seguridade social do alumnado de formación profesional e de ensinanzas de réxime especial no período de formación en empresa u organismo equiparado.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Formación Profesional da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional,

INFORMA:

Que esta Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación profesional ten previsto formalizar coa Fundación Empresa-Universidad Gallega (FEUGA) o instrumento convencional arriba referido cun período de vixencia que abrangue desde o 1 de xullo de 2025 ata o 31 de decembro de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Revisar os compromisos das partes, incluído o compromiso económico, contemplados no Convenio de colaboración entre a consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Fundación Empresa-Universidad Gallega (FEUGA) (e na súa primeira Addenda) para a inclusión no sistema da Seguridade Social do alumnado de formación profesional e de ensinanzas de réxime especial no período de formación en empresa u organismo equiparado, prorrogando a duración do convenio ata o 31 de decembro de 2026.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

1. Que o pasado dezanove de abril de 2024 asinou un convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Fundación Empresa-Universidad Gallega (FEUGA) para a inclusión no sistema da Seguridade Social do alumnado de



formación profesional e de ensinanzas de réxime especial no período de formación en empresa u organismo equiparado.

2. Que o obxecto deste convenio é a colaboración entre as partes para dar cumprimento ao establecido na disposición adicional quincuaxésima segunda do texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, sobre inclusión no sistema da Seguridade Social do alumnado que realice prácticas formativas ou prácticas académicas externas incluídas en programas de formación de ensinanzas de formación profesional e de ensinanzas de réxime especial.

3. Que posteriormente, o dezoito de decembro de 2024 asinouse unha addenda ao mencionado convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Fundación Empresa-Universidad Gallega (FEUGA) para a inclusión no sistema da Seguridade Social do alumnado de formación profesional e de ensinanzas de réxime especial no período de formación en empresa u organismo equiparado, incrementando a achega inicialmente prevista para o exercicio 2024 como consecuencia do incremento do número de alumnado que finalmente realizou formación práctica en empresa ao longo do ano 2024. Con esta addenda prorrogouse a duración do convenio ata o 30 de xuño de 2025, incluíndo a xestión e o pago da cotización na Seguridade Social do alumnado que realice prácticas formativas ou prácticas académicas externas incluídas en programas de formación de ensinanzas de formación profesional e de ensinanzas de réxime especial entre o 1 de xaneiro do 2025 e o 30 de xuño de 2025.

4. Que é preciso dar continuidade ao convenio asinado co fin de facer fronte á inclusión no sistema da Seguridade Social do alumnado de formación profesional e de ensinanzas de réxime especial que leve a cabo no segundo semestre do ano 2025 e ao longo do ano 2026 formación en empresa u organismo equiparado.

5. Que no artigo 4 do convenio asinado o dezanove de abril de 2024, establecíase que *"O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e estará vixente ata o 31 de decembro de 2024, podendo prorrogarse, por acordo das partes mediante a addenda correspondente."*



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura da segunda addenda ao convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

María Eugenia Pérez Fernández

Directora Xeral de Formación Profesional

